

CAMPIONATO GALEGO POR EQUIPOS DE CLUB 2024. XADREZ RÁPIDO.

1.- ORGANIZACIÓN: Federación Galega de Xadrez.

2.- DATA: Domingo, 26 de Maio de 2024.

3.- HORARIOS:

10:30 h. – Presentación equipos.
11:00 h. - Rolda 1. 12:00 - Rolda 2.
13:00 h. - Rolda 3. 16:00 - Rolda 4.
17:00 h. - Rolda 5. 18:00 - Rolda 6.
19:00 – Rolda 7
20:00 h. - Entrega de premios.

Os horarios definitivos das roldas confirmaranse na presentación dos equipos.

4.- LOCAL DE XOGO: [Hotel Scala](#) de Padrón (A Coruña).

5.- SISTEMA E CALENDARIO DE XOGO:

Sistema Suízo, a sete (7) roldas e será valedreiro para elo FIDE.

Equipos formados por catro (4) taboleiros. A puntuación será por encontro (2, 1, 0), sendo o primeiro sistema de desempate a puntuación total por taboleiros.

Os demais sistemas de desempate axustaránse o RXC da FEGAXA e serán publicados na páxina web ao comezo do torneo xunto coas bases técnicas.

O ritmo de xogo será de 15 minutos con incremento de 5 segundos/xogada, ou ritmo similar en duración.

O sistema de xogo, número de roldas e ritmo de xogo podería variar en función do número de equipos participantes.

7.- PARTICIPACIÓN:

Poderán participar nesta competición todos os equipos de clubs galegos, que teñan tramitada a ficha federativa correspondente á tempada da competición do calendario (tempada 2024).

O número de equipos participantes verá determinado polas características do local de xogo. Se se limitara o número de equipos participantes, cada club deberá presentar os equipos indicando a prioridade de cada un.

Todo club participante nesta competición, terá unha praza garantizada sempre e cando cumpra o regulamento correspondente.

Cada club poderá presentar tantos equipos como desexa, sempre que o local de xogo o permita e cada un dos seus xogadores e xogadoras, ademais de ter tramitada a ficha federativa individual con ese club, non forme parte, da orden de forza doutro equipo participante.

Queda excluída por tanto a posibilidade de formar equipos con membros de dous ou mais clubs.

Un xogador ou xogadora formará parte dun equipo dende o momento no que o seu club presente o orde de forza dese equipo para a competición

Por tanto queda expresamente prohibido o traspaso de xogadores e xogadoras entre equipos dun mesmo club.

8.- EQUIPOS:

Cada equipo estará formado por un mínimo de 6 xogadores e un máximo de 12, dos que 4 xogarán cada enfrontamento, quedando os restantes como suplentes para ese enfrontamento.

Esta aliñación pode variar en cada enfrontamento, podendo aliñar calquera combinación de 4 xogadores dentro da lista presentada.

Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento o orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición. Este orde de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais.

O orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención.

O equipo que non logre aliñar 4 persoas, quedará automaticamente eliminado, sendo proposto para sanción por parte do comité de competición da FEGAXA.

9.- INSCRICIÓN:

COTA: 15,00 €/equipo

LUGAR E PRAZO:

Participación limitada a 40 equipos.

A través dos clubs na Federación Galega de Xadrez **enviando, obrigatoriamente, o anexo 1 correctamente cumplimentado e en formato excell ou Libre Office ao e-mail: fegaxa@fegaxa.org** presentando a orde de forza definitiva de cada equipo.

Ata o día **20 de Maio de 2024 (incluído)**. Non se admitirán inscricións pasada esa data.

Banco Sabadell IBAN: ES71 0081 2281 9100 0112 0013

Se houbera máis de 40 equipos inscritos, a prioridade sería:

- Primer equipo de cada club inscrito.
- As prazas vacantes cubriranse cós seguintes equipos (según a prioridade notificada) daqueles clubs que tiñan máis equipos federados na tempada 2023.

10.- PREMIOS:

Posto	Premios	
1º	Trofeo	Premio 200 €*
2º	Trofeo	Premio 100 €*
3º	Trofeo	Premio 100 €*
4º	Trofeo	
5º	Trofeo	

(*) Aprícaranse as retencións legais

Vigo, a 10 de Maio de 2024.



Federación Galega de Xadrez

CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

Aceptación: os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do campionato á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación, **retransmisións** ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Cesión de dereitos de imaxe: A inscrición a este tomeo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que fome parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os videos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.

